RESUMO

□

1. GALICIA NA ALTA IDADE MEDIA (711-1037)

- A chegada dos musulmáns á península Ibérica pon fin o reino visigodo. Mais a conquista islámica de Hispania non tivo outra consecuencia en Galicia que facer desaparecer a estrutura política da monarquía visigoda na que se encontraba integrada. Non se constata nin un fenómeno de despoboación e de repoboación na Gallaecia altomedieval froito da invasión musulmá.
- Gallaecia fica durante o s. VIII á marxe do control dos reinos veciños, mais vaise ir integrando progresivamente no reino asturiano nos reinados de Ramiro I e, fundamentalmente, Ordoño I. Durante o s. X a nobreza galega terá un importante protagonismo político no reino.
- A economía altomedieval galega caracterízase por unha agricultura moi primitiva e de baixos rendementos.
- A sociedade altomedieval caracterízase pola presenza do campesiñado coma o grupo maioritario, mais moi heteroxéneo, conservando a existencia de servos; así como a presenza dunha aristocracia laica e dunha nobreza eclesiástica na que se vai apoiar a monarquía para impulsar o seu poder.
- A descuberta do sepulcro do Apóstolo vai converter a Santiago no referente espiritual e ideolóxico do reinos cristiáns peninsulares.

2. A PLENA IDADE MEDIA (1037-1284)

- É nestes séculos centrais da Idade Media cando Galicia fixe a grandes trazos o territorio que conserva até a actualidade, que se cristalizará trala independencia de Portugal.
- No século XII, coñecido coma a Era Compostelá, Galicia xogará un papel político e cultural moi destacado nos conxuntos dos reinos de León, Asturias e Galicia.
- Coa unión das coroas de Castela, León e Galicia na persoa de Fernando III vai significar o afastamento de Galicia do primeiro plano político peninsular.
- Nestes séculos vanse producir unha serie de transformacións que van marcar a paisaxe galega até tempos moi recentes: as aldeas encherán o espazo rural, xurdirán as parroquias, configuraranse os grandes dominios eclesiásticos e as cidades, insignificantes no período altomedieval, nacerán e crecerán integradas perfectamente na súa contorna rural.
- O crecemento demográfico virá da man dunha intensificación da produción agrícola, así como dunha expansión da actividade comercial e artesanal.
- A nobreza eclesiástica configúrase coma a principal propietaria de terras en Galicia.

3. A BAIXA IDADE MEDIA (1284-1474)

- Galicia entra no s. XIV cunha situación similar ao resto dos reinos da monarquía, sumida en medio de conflitos xeneralizados. A segunda metade do século

vai vir marcada pola guerra civil entre Pedro I e Henrique de Trastámara. No século XV, os enfrontamentos continuarán e o poder da nobreza imporase sobre o dos reis.

- O levantamento Irmandiño é a máis importante revolta antifeudal da Idade Media.

- Na Baixa Idade Media Galicia asistirá a unha profunda crise demográfica e a unha lenta recuperación, acompañada dunha contracción da produción agrícola. Pola contra, o s. XV vivirá o auxe do comercio marítimo.

- O campesiñado foi quen máis sufriu as consecuencias das fames e os efectos dos andazos de peste ao longo do s. XIV. Ademais é o que vai soportar dun xeito máis directo co clima de violencia xeneralizada destes séculos, destacando a violencia que sofren dende os castelos e fortalezas, base da revolta Irmandiña. Pola súa banda a nobreza eclesiástica vai sufrir a xeneralización forzada das encomendas por parte dos señores laicos, que non vén outras solucións a estas prácticas para manter os seus niveis de renda.

- O levantamento Irmandiño pon fin a un século caracterizado por unha grande conflitividade social. É o desexo de xustiza contra os abusos, violencias e malfeitorías que se perpetraban dende as fortalezas por parte dos señores. A base social da Irmandade atopámola en todos os sectores da sociedade galega da época. Obsérvase unha confluencia entre o campesiñado e as masas urbanas, unidas nas mesmas reivindicacións, na busca dunha maior xustiza e dunha paz interior inexistente durante todo o s. XV., o que está detrás deste levantamento xeral que vivirá Galicia dende o 1467.

4. GALICIA E OS REIS CATÓLICOS

- O reinado de Sabela de Castela e Fernando de Aragón en Castela vai supor a integración de Galicia no estado autoritario que estaban a construír. Durante este reinado asistimos á desaparición da clase dirixente galega.

- A creación da “Santa Hermandad” é unha boa mostra de como os Reis Católicos van aproveitar todos os resortes á súa disposición para consolidar e reforzar o seu poder nos diferentes reinos da Coroa.

- O nomeamento de Fernando de Acuña coma Xustiza Maior de Galicia no 1480 marca o punto de partida da imposición do poder por parte dos reis na nosa terra. Trala execución de Pardo de Cela no 1483 pódese dicir que a paz e a orde quedaron restauradas en Galicia.

- Durante o reinado de Sabela e Fernando asistimos ao proceso de transformación da aristocracia galega, que de guerreira convértese en cortesá. A pacificación e a fin do bandoleirismo nobiliar vai favorecer ao campesiñado e as cidades, mais estas últimas asistiran á fin das súas liberdades.

- Galicia quedará integrada no novo Estado autoritario que os Reis Católicos están a construír. Crearanse as institucións de Gobernador e a da Audiencia de Galicia para reforzar o poder real na nosa terra.